

María Navarro

Ficcionar ter atopado un escrito ten sido un recurso moi substancioso no eido da literatura; en *El ingenioso hidalgo don Quijote de la Mancha* ou en *A esmorga* quen dá cos documentos considera que é interesante compartir co lector o achado. Tamén Eila desexa amosar o contido do libro secreto da Filosofía que o seu avó redactou a man e faíno a través de sete viaxes nas que xunta ao seu amigo Breixo viaxa a outras épocas da historia da Humanidade onde viven aventuras canda filósofos e filósofas que os achegan á orixe do coñecemento convencidos de que cos consellos de mulleres e homes sabios dos tempos pasados conseguirán mellorar as cousas no presente e no futuro.

Comezan a súa primeira viaxe no tempo de Sócrates onde escoitan que un home baixiño e gordecho falaba para o xentío nunha praza pública e do que entenden o verdadeiro sentido de iluminar aos demais con ideas auténticas. Continúan coas súas visitas dirixidas ao xardín de fantasía con árbores exóticas de follas verdes coma esmeraldas onde atopan a **Aristóteles**, noutras viaxes dialogan con **Hipatía de Exipto, Descartes, Immanuel Kant, Federico Nietzsche para rematar con Simone de Beauvoir** e de todos eles van aprehendendo como foi evolucionando o pensamento, de que forma o coñecemento foi dando resposta aos retos da propia vida, cales son os misterios da filosofía ou mesmo teñen a oportunidade de interpretar certos comportamentos que han servir para aplicar na vida cotiá.

Nunha época coma a actual na que filosofar non semella unha tarefa doada, dado o dominio da tecnoloxía sobre a utilidade inmediata, un texto coma este pode favorecer a curiosidade, a reflexión, o pensamento crítico, a autonomía, o respecto, o que o converte nunha boa opción para introducir á cativada no diálogo filosófico.

<https://www.farodevigo.es/faro-cultura/2024/02/15/libros-recomendados-da-semana-98177731.html>

